

PLAN DIXITAL

[CIFP PASEO DAS PONTES]

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

O noso centro nace como un instituto no ano 1999, tal e como se publicaba no DOG de 26 de xullo dese ano e no que se recollía a orde do 23 de xuño “pola que se autoriza a posta en funcionamento do Instituto de Educación Secundaria nº 2 de A Coruña”. Inicia o seu funcionamento con 22 unidades formativas, das que algo máis da metade (14) estaban dedicadas ao ensino post-obrigatorio.

A proposta o Consello Escolar, en abril de 2000 o centro cambia de denominación e pasa a chamarse “IES Paseo das Pontes”. O Decreto 118/2011, de 16 de xuño, convertería o noso centro nun Centro Integrado de Formación Profesional, pasando ser a súa denominación oficial **CIFP Paseo das Pontes**, consolidándose a oferta das familias de Hostalería e Turismo, Industrias Alimentarias e Têxtil, Confección e Pel.

Datos do centro	
Enderezo:	Rúa San Pedro de Mezonzo, nº 4, 15004 Coruña.
Correo electrónico:	cifp.paseodaspontes@edu.xunta.gal
Páxina web:	http://www.edu.xunta.gal/centros/cifppaseodaspontes/
Redes Sociais e outra canles	https://www.facebook.com/paseodaspontes/ https://www.instagram.com/cifp_paseodaspontes/ tiktok: @Paseo_das_Pontes https://www.youtube.com/channel/UCoNrv33t2TXyAPCNMI9U97g

Oferta educativa

FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA			RÉXIME
CBHOT02		Aloxamento e lavandaría	Ordinario
CBTCP01		Arranxos e reparación de artigos téxtiles e de pel.	Ordinario
CICLOS FORMATIVOS DE GRAO MEDIO			
CMHOT01		Cociña e gastronomía	Ordinario (2 GRUPOS) Modular
CMTHOT02		Servizos en restauración	Ordinario
CMINA03		Elaboración de produtos alimentarios	Ordinario
CMINA01		Panadaría, repostaría e confeitaría	Ordinario <i>(implantado no curso 2020-21)</i>
			Distancia
CMTCP01		Confección e moda	Ordinario
CICLOS FORMATIVOS DE GRAO SUPERIOR			
CSHOT04		Dirección de cociña	Ordinario
CSTHOT05		Dirección de servizos de restauración	Ordinario
CSINA02		Procesos e calidade na industria alimentaria	Ordinario
CSTCP01		Patronaxe e moda	Ordinario <i>(2 GRUPOS, o segundo implantado no curso 2021-22)</i> Modular
CSTCP0		Vestuario a medida e de espectáculos	Modular
CSHOT0		Xestión de aloxamentos turísticos	Modular
CURSOS DE ESPECIALIZACIÓN			
CSHOT0		Panadaría e bolaría artesanal	Ordinaria <i>(implantado no curso 2021-22)</i>

Recursos humanos

PERSOAL DOCENTE	Corpo	DEFINITIVOS	PROVISIONAL	ITINERANTE	TOTAL
	PTFP	19	25	-	44
	PES	14	11	2	27
				TOTAL	71

* Persoal docente substituto (varía ao longo do curso) = 7
Datos a 21/10/2021

PERSOAL NON DOCENTE	Administrativos (secretaría)	2
	Subalterno (conserxaría)	3
	Intérpretes de signos*	4
	Auxiliar de conversa*	1
	Encargado de almacén (economato)	1
	Limpeza	4
	Persoal de comedor (pinches plonge)	4
TOTAL		19

* Persoal non estable no centro – pode variar cada curso

Datos do alumnado

Nos últimos anos a media de matriculación do centro sitúase entre os 800 e 900 estudantes por curso académico.

A idade de ingreso no Centro é a partires dos 15 anos, xa que un dos niveis cos que conta é a FP Básica. A media de idade sitúase na franxa entre os 15 e 25 anos, pero percíbese nos últimos anos un incremento da idade do alumnado, parello ao aumento da oferta educativa en modalidades para adultos e a distancia, chegando a un 30% de estudantes que superan os 30 anos. Esta circunstancia tamén diversificará o sistema familiar, xa que mentres parte do alumnado convive cos pais, outra xa terá incluso a súa propia unidade familiar.

A maioría do estudantado procede da cidade de A Coruña, pero hai un número elevado de persoas que proveñen da contorna próxima á cidade, con especial incidencia da Costa da Morte. Tamén se detecta presenza de alumnado orixinario doutras provincias galegas ou limítrofes á comunidade e un aumento do número de alumnos estranxeiros (chegando nalgún curso académico a un 20% do alumnado). A maioría deste alumnado procede do centro e sur de América.

En canto a réximes, o máis demandado é o ordinario, aínda que o incremento de modalidades para adultos é notable. Por familias, é a de Hostalaría e Turismo a que acumula o maior número de estudantes, seguida da de Téxtil, Confección e Pel; e en último lugar, a de Industrias Alimentarias.

Por último, é de destacar a presenza cada vez maior de alumnado que presenta necesidades de atención educativa especiais, aínda que non sempre estes presentan informes ou acceden por o cupo reservado a tal fin, o que dificulta a súa detección e a súa integración na aula. Esta circunstancia fai que a carga de traballo do departamento de orientación aumente considerablemente.

Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

Características Socioeconómicas

O CIFP Paseo das Pontes está situado dentro da Cidade da Coruña, entre a zona de confluencia da Avenida de Finisterre e a Ronda de Nelle. Trátase dunha zona de alta densidade poboacional e cunha gran diversidade económica e sociocultural, habendo unha gran porcentaxe de emigrantes asentados nesta zona.

Como capital de provincia A Coruña posúe un nivel significativo de infraestruturas de transporte de todo tipo (viario, ferroviario, portuario e aeroportuario). De feito, pódese definir a cidade de A Coruña, en canto á súa posición xeográfica, como un final de recorrido e non como un punto de paso. É dicir, a cidade na que se atopa o noso centro contra cunha rede de transporte que facilita que estudantes de moi distinta procedencia podan acceder a ela por distintas vías e chegar ao noso centro de forma sinxela.

A cidade tamén presenta unha completa rede de infraestruturas a nivel social e cultural. Ademais de contar con universidade propia, dos numerosos centros educativos, 12 teñen ensinanzas de formación profesional. Igualmente, son numerosas as organizacións e asociacións de todo tipo e as ofertas de ocio e culturais dotan á cidade dunha programación estable.

A maior parte da actividade industrial da cidade sitúase no eixo que une esta con Arteixo, cos polígonos de A Grela e Sabón. A estes únense, en dirección contraria, o polígono industrial de Pocomaco e o de Vío, concentrándose neste último a plataforma loxística dos dous portos coruñeses (dársena exterior de Punta Langosteira e a interior na propia cidade).

Como reflicte o informe Ardán 2020, A Coruña é zona da comunidade cun maior dinamismo económico de Galicia e seu principal motor económico. A presenza do grupo Inditex e as súas filiais afirman este eixo como o máis importante de Galicia, converténdose, nos últimos anos, en focos importantes tamén de actividade terciaria e comercial. Ademais do sector téxtil, atopamos empresas como Hijos de Rivera, dedicada á produción de bebidas principalmente, pero que tamén explota establecementos de hostaleira na cidade. Tamén é salientable a presenza de empresas de distribución alimentaria, como Gadisa e Mercartabria, que ademais das superficies comerciais Gadis, teñen o seu centro loxístico en Betanzos.

Se nos fixamos na actividade desenvolta, vemos que predomina o sector servizos, que aporta ao redor do 85% dos postos de traballo e onde a actividade comercial e hostaleira teñen unha presenza importante (23%). Neste sector aproximadamente o 50% son autónomos.

Contribución do PD ao proxecto educativo e ao plan anual

Tal e como se reflicte no noso Proxecto Funcional para o período 2021-2025, estímase que para o ano 2025 o 50% de todos os empregados necesitarán volver a formarse, a medida que se vaian incorporando novas tecnoloxías ao sector produtivo. A alfabetización dixital e competencias en innovacións van ser requisitos necesarios para poder adaptarse ás novas contornas produtivas.

O ritmo de transformación da sociedade actual incrementouse de tal forma, que máis da metade dos cambios máis significativos dos últimos 30 anos producíronse nesta última década. Para entender este novo contexto resulta relevante referirnos á contorna VUCA, acrónimo en inglés das palabras:

- **Volatilidade:** refírese á rapidez con que se producen os cambios e a súa influencia a grande escala. O mercado vólvese máis competitivo e a velocidade, axilidade e capacidade de adaptación é unha das competencias claves para sobrevivir no mesmo. Faise necesario ter “visión”: saber cara onde ir e flexibilizar sobre como hai que chegar.
- **Incerteza:** refírese á falta de predictibilidade dos problemas e situacións. Nun entorno tan cambiante, as experiencias pasadas xa non serven como predición de futuro, o que provoca un desgaste mental importante nas persoas. Un exemplo disto atopámolo no acontecido coa pandemia. Para afrontala, requírese comprensión e saber integrar o cambio como algo positivo.
- **Complexidade:** nun sistema complicado as relacións establécense mediante o concepto de causa-efecto, sen embargo, nos sistemas complexos o nivel de interconexión é tan elevado e tan cambiante que dificulta ver as relacións entre as distintas partes. Moverse nun entorno así require ser confiables, precisos e transparentes e buscar a simplicidade.
- **Ambigüidade:** refírese a realidades que presentan múltiples significados, de aí que sexa difícil a súa interpretación. Será necesario investigar para atopar novas perspectivas, de forma áxil e flexible dentro do marco da visión.

Nos últimos anos moitos autores completaron esta contorna falando de VUCA+H, referida esta última letra á hiperconectividade á que estamos todos sometidos. Ademais, pasouse dunha hiperconectividade reactiva, onde eramos meros espectadores ou consumidores de contidos dixitais, a unha proactiva, onde os usuarios participan tamén na xeración de contidos e novas experiencias.

Por último, todo esta contorna propicia a aparición de megatencias tanto no eido tecnolóxico como a nivel social, sendo dúas as máis presentes actualmente:

→ **Metaverso:** fai referencia ás contornas virtuais, onde cada vez o usuario inverte máis tempo. Aquí entraría dende a realidade virtual á aumentada, ata as redes sociais como o Facebook, onde interactuamos a través dun avatar virtual. Outro exemplo do ámbito do metaverso é o emprego cada vez maior de videoconferencias nas relacións empresariais, sociais ou educativas.

→ **We Q culture:** é unha tendencia social que ten relación coa capacidade de “desaprender” individualmente para “aprender” colectivamente. No contexto actual esta capacidade é case máis importante que a propia de aprender. Por outro lado, a cantidade de información e o ritmo dos cambios á que está sometida a sociedade é tal, que non sería posible abarcala se non se asume o proceso de forma colectiva. Polo tanto, o foco ponse na necesidade de pasar dunha sociedade orientada ao “eu” a unha colectiva baseada no “nós” como forma de sobrevivir neste novo contexto.

Como consecuencia de todo o exposto anteriormente, consideramos que o plan dixital pode contribuír a acadar os obxectivos propostos no noso Proxecto Funcional para o período 2021-2025. Tal e como se recolle no devandito documento, obxectivos estratéxicos serían:

Obxectivo	Tipo de obxectivo	Área implicada	Liñas xerais de traballo	Temporalización			
				21-22	22-23	23-24	24-25
1. INCREMENTAR A OFERTA DE CICLOS DUAIS E NOUTRAS MODALIDADES FORMATIVAS	Estratéxico	Área de calidade, innovación e orientación profesional	Incremento da oferta FP Dual	x	x	x	x
			Estudo da viabilidade e implementación de novos ciclos FP Básica			x	
			Proposta e implantación de novos cursos de especialización			x	x
			Incremento da oferta de AFD		x		x
2. POTENCIAR A FORMACIÓN CONTINUA DO PROFESORADO DE FP	Estratéxico	Área de calidade, innovación e orientación profesional	Participación nas convocatorias de plans permanentes de formación do profesorado	x	x	x	x
			Fomentar a participación en proxectos de formación do profesorado	x	x	x	x
Obxectivo	Tipo de obxectivo	Área implicada	Liñas xerais de traballo	Temporalización			
6. PROMOVER O EMPRENDEMENTO ENTRE O ALUMNADO	Estratéxico	Área de calidade, innovación e orientación profesional	Desenvolvemento de actividades de ensino-aprendizaxe complementarias que fomenten a cultura emprendedora	x	x	x	x
			Promoción do viveiro de empresas		x		
			Fomento da participación en programas Erasmus+ tanto no alumnado como no profesorado	x	x	x	x
Obxectivo	Tipo de obxectivo	Área implicada	Liñas xerais de traballo	Temporalización			
15. DAR VISIBILIDADE AO CENTRO NA CONTORNA PRÓXIMA E POÑER EN VALOR O TRABALLO DA COMUNIDADE EDUCATIVA	Específico	Área de calidade, innovación e orientación profesional Área de Formación	Fomento e promoción de actividades realizadas no centro na que participe a comunidade educativa.	x	x	x	x
			Mellora da xestión dos medios dixitais do centro para a difusión do mesmo e creación de novas canles de comunicación	x	x		
			Fomento da participación e colaboración con entidades, colectivos, institucións, etc. da contorna que poñan en valor o traballo do centro e da comunidade educativa	x	x	x	x
16. POÑER EN VALOR DA	Específico	Área de Formación	Realización de actividades puntuais que poñan en valor a lingua e cultura galega	x	x	x	x
			Promoción entre a comunidade educativa	x	x	x	x
19. DINAMIZAR O PLAN DE BIBLIOTECA DO CENTRO	Específico	Área de formación Área de calidade, innovación e orientación profesional	Mellora e actualización dos procedementos de compra, catalogación e difusión dos fondos da biblioteca.	x	x		
			Mellora dos procedementos de préstamo dos fondos bibliográficos.	x	x		
20. DESENVOLVER ACTIVIDADES DE MELLORA CONSTANTE DAS CONDICIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL	Específico	Área de xestión Área de calidade, innovación e orientación profesional	Actualización permanente do plan de auto protección	x	x	x	x
			Adaptación os espazos e infraestruturas ante calquera causa que puidese sobrevivir, nomeadamente por COVID-19	x	x	x	x
			Creación de recursos permanentes de información sobre condicións de seguridade laboral a través da aula virtual do centro	x	x		
			Mellora/axilización dos procedementos de comunicación entre a comunidade educativa naqueles aspectos relativos coas seguridade e saúde laboral.	x	x		
21. DESENVOLVER ACTIVIDADES QUE MELLOREN A EFICACIA E EFICIENCIA NA XESTIÓN	Específico	Área de xestión	Consecución dun remanente suficiente para atender os gastos comúns do inicio do ano económico	x			

En concreto o plan dixital contribuiría especialmente a acadar especificamente os obxectivos 1-2-3-5-8-9-10-12-13-14-15-18-19-20 e 21.

Breve xustificación do mesmo

O plan dixital do centro encadrase na seguinte normativa

- Lei Orgánica 3/2020 de 29 decembro, pola que modifica a lei orgánica 2/2006, de 3 de maio de educación
- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Lei 3/2022, de 2022 de 31 de marzo, de ordenación e integración da formación profesional.
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021-2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

Proceso de elaboración

O proceso de elaboración do plan dixital lévase a cabo como segue:



O grupo de traballo está formado por :

- Coordinadora: Marta Amado
- Outros membros: Patricia Farto, Amparo Fernández, Loreto Blanco e Reyes Durán

Os membros do EDPD confórmano as mesmas persoas.

Nas reunións traballábase co material entregado polo mentor ADIX que nos corresponde. Unha vez repasado o material, débense as accións a levar a cabo utilizando técnicas tipo tormenta de ideas e os acordos definitivos tómanse de xeito colexiado.

Situación de partida

Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- Descrición xeral acerca da infraestrutura dixital do centro: conectividade, infraestruturas de voz e de datos (conexións cableadas e sen fíos).

O centro conta rede wifi, aínda que a conectividade non é boa en todas as áreas do edificio. A centraliña onde se sitúa o *rac* precisa de intervención, xa que está con todos os cables á vista e resulta incluso perigoso. O mesmo acontece coa aula de informática.

- Servizos dixitais educativos: o claustro fai uso de ferramentas con XADE e a aplicación de programacións. Neste curso deuse unha formación sobre Abalar, para fomentar o seu emprego entre o profesorado de FP, e dotouse de máis entidade á Aula Virtual. A páxina web do centro está dentro do servidor da Xunta pero resulta de difícil actualización xa que non hai profesorado con dominio de Drupal. A difusión da actividade diaria do centro faise a través das redes sociais, con perfís en Facebook e Instagram.
- Xestión do mantemento do equipamento do centro: este lévase a cabo a través dunha empresa externa, con presenza no centro un día á semana.
- Equipamento dispoñible e identificación dos usos segundo: o centro dispón de dunha aula informática onde están instaladas licencias do paquete Adobe, e unha aula taller de Patronaxe tamén dotada con equipos informáticos co programa Gerber, plotter e tablets. Estes equipos necesitan actualización e o profesorado recomenda o cambio das pantallas por outras máis grandes que permitan traballar cos programas de deseño.

Nas aulas taller de industrias alimentarias, ademais da maquinaria específica, atópanse balanzas e termómetros dixitais.

Todas as aulas de teoría están dotadas cun ordenador e un proxector, e só nunha delas hai un taboleiro dixital. Nos despachos tamén se dispón dun equipo informático, e na sala de profesores son 8 os postos equipados con ordenador. En canto ás impresoras, estas sitúanse no despacho de dirección, na secretaría, na conserxaría e en varios despachos.

O centro conta tamén con dous armarios nos que se almacenan os ordenadores portátiles facilitados pola Consellería durante a pandemia do COVID e que funcionan como aulas informáticas móbiles.

A continuación facilítase o inventario de equipamentos:

UD	articulo	descripcion	recep- cion	aula	esta- do	uso	tipo arti- culo	localizacion
1	Altosfalantes GE- NIUS	SP- HF160		103	Bo	En uso	Audiovisual	103 taller confección 03
1	Altavoces NGS			104	Bo	En	Audiovisual	104 taller calzado marroquinaria e som-

							uso		breiraría
2	Armario carga e seguridade	Horiz 30 eco tp	09/09/2021	A16	Bo	En uso	Outros equipamentos		sala de reunións
3	Balanza electrónica dixital	balanza electrónica dixital sf400		A12	Bo	En uso	Recursos didácticos		-112 planta cárnicos
1	Balanza electrónica	balanza electrónica precisión 1mg.		B02	Regular	En uso	Recursos didácticos		-202 laboratorio de textil
3	Balanza electrónica dixital	balanza electrónica dixital kern. rango de pesada de 500 g e precisión de 0,1 g.	17/09/1999	A07	Bo		Recursos didácticos		-107 laboratorio físico-químico
1	Balanza electrónica dixital Kern 440-45	balanza electrónica. rango de pesada de 600 g, e precisión de 0,1 g.	17/09/1999	A07	Bo	En uso	Recursos didácticos		-107 laboratorio físico-químico
2	balanzas dixitais cobos			A13	Bo	En uso	Outros equipamentos		-113 laboratorio microbioloxía
1	Canóns	lumens hdmi	09/09/2021	107	Bo	En uso	Audiovisual		107 restaurante
1	Canóns	lumens hdmi	09/09/2021	14	Bo	En uso	Audiovisual		014 taller pastelería_01
1	Canóns	lumens hdmi	09/09/2021	13	Bo	En uso	Audiovisual		013 taller pastelería_02
1	Equipo informático siemens	equipo infomático formado por: monitor, pc, teclado		102	Regular	En uso	Informático		102 taller confección 02
1	Escaner	escaner del ordenador textilserver		105	Regular	En uso	Informático		105 aula patronaxe
1	Impresora color	impresora color epon stylus		105	Bo	En uso	Informático		105 aula patronaxe
1	Impresora laser jet	impresora laser jet		105	Bo	En uso	Informático		105 aula patronaxe
22	monitor TFT/LCD	monitor tft/lcd	19/09/2011	A09	Regular		Informático		-109 aula informática
1	Ordenador (textilserver) nº 1						Informático		
1	Ordenador 043			104	Malo	En uso	Informático		104 taller calzado marroquinaria e sombreiraría
1	Ordenador HP	czc23338c9		103	Bo	En uso	Informático		103 taller confección 03
1	ordenador nº 10	ordenador nº 10 con teclado		105	Bo	En uso	Informático		105 aula patronaxe
1	ordenador nº 11	ordenador nº 11 con teclado		105	Bo	En uso	Informático		105 aula patronaxe
1	ordenador nº 12	ordenador nº 12 con teclado		105	Bo	En uso	Informático		105 aula patronaxe
1	ordenador nº 13	ordenador nº 13 en mesa profesor		105	Regular	En uso	Informático		105 aula patronaxe
1	ordenador nº 2	ordenador 2º con teclado		105	Bo	En uso	Informático		105 aula patronaxe
1	ordenador nº 3	ordenador nº 3 con teclado		105	Bo	En uso	Informático		105 aula patronaxe
1	ordenador nº 4	ordenador nº 4 con teclado		105	Bo	En uso	Informático		105 aula patronaxe
1	ordenador nº 5	ordenador nº 5 con teclado		105	Bo	En uso	Informático		105 aula patronaxe
1	ordenador nº 6	ordenador nº 6 con teclado		105	Bo	En uso	Informático		105 aula patronaxe
1	ordenador nº 7	ordenador nº 7 con teclado		105	Bo	En uso	Informático		105 aula patronaxe
1	ordenador nº 8	ordenador nº 8 con teclado		105	Bo	En uso	Informático		105 aula patronaxe
1	ordenador nº 9	ordenador nº 9 con teclado		105	Bo	En uso	Informático		105 aula patronaxe
22	ordenador personal sen monitor	ordenador personal sen monitor	19/09/2011	A09	Regular		Informático		-109 aula informática
5	Ordenador portátil	ordenador portátil	15/09/2021	13	Bo	En uso	Informático		013 talller pastelería_02
5	Ordenador portátil	ordenador portátil	15/09/2021	13	Bo	En uso	Informático		013 talller pastelería_02
5	Ordenador portátil	ordenador portátil	15/09/2021	13	Bo	En uso	Informático		013 talller pastelería_02
1	Ordenador portátil	portátil hp probbook 650 g% exp. atm/2020/0016	11/01/2022	4	Bo	En uso	Informático		004 aula
1	Ordenador servidor	ordenador textilserver con teclado		105	Bo	En	Informático		105 aula patronaxe

1	pantalla enrollable	pantalla enrollable para proyector	20/11/2020	102	Bo	uso	Audiovisual	102 taller confección 02
1	Pantalla enrollable	pantalla parede branca		101	Bo	En uso	Audiovisual	101 taller confección 01
1	Pantalla Fujitsu Siemens computers	pantalla fujitsu siemens computers		101	Malo	Retirado	Informático	101 taller confección 01
1	Pantalla HP	le1901w		103	Bo	En uso	Informático	103 taller confección 03
1	Pantalla plana LG	pantalla plana lg . flatron e 1942c-bn	13/01/2012	101	Bo	En uso	Informático	101 taller confección 01
1	PCU HP	pcu hp pro c8n26av		101	Bo	En uso	Informático	101 taller confección 01
1	PCU Optiplex 745	pcu optiplex 745 dell	09/01/2006	101	Malo	Retirado	Informático	101 taller confección 01
1	Plotter	plotter de dibujo en activo aula de patronaxe		105	Bo	En uso	Informático	105 aula patronaxe
1	Plotter dibujo pequeño	enviado por consellería. nunca funcionó		B01	Malo	Retirado	Informático	-201 aula
1	Proxector			A08	Bo	En uso	Audiovisual	-108 planta elaboración
1	Proxector portátil	proxector portátil viewsonic. portable led/full hd/wifi	09/09/2021	14	Bo	En uso	Audiovisual	014 taller pastelería_01
1	proyector	proyector audiovisual	18/11/2020	102	Bo	En uso	Audiovisual	102 taller confección 02
1	Proyector			104	Bo	En uso	Audiovisual	104 taller calzado marroquinaria e sombreiraria
1	Proyector epsón	proxector	05/01/2008	101	Bo	En uso	Audiovisual	101 taller confección 01
1	Proyector PANASONIC			103	Bo	En uso	Audiovisual	103 taller confección 03
1	Radio casete recorder with CD GRUNDIG	casete, reproductor cd		101	Malo	Retirado	Audiovisual	101 taller confección 01
1	Radiocasete Sony CFS-DW38			103	Regular	En uso	Audiovisual	103 taller confección 03
1	Rato	rato con cable rx250.m/n m bad58b		101	Bo	En uso	Informático	101 taller confección 01
1	Ratón GENIUS	dx110		103	Regular	En uso	Informático	103 taller confección 03
1	Ratón Logitech	con cable		104	Bo	En uso	Informático	104 taller calzado marroquinaria e sombreiraria
1	tablet debuxo con boli	tablet ordenador nº 10 con boli		105	Bo	En uso	Informático	105 aula patronaxe
1	tablet debuxo con boli	tablet do ordenador nº 1		105	Bo	En uso	Informático	105 aula patronaxe
1	tablet debuxo con boli	tablet debuxo do ordenador nº 3		105	Bo	En uso	Informático	105 aula patronaxe
1	tablet debuxo con boli	tablet debuxo con boli del ordenador nº 4		105	Bo	En uso	Informático	105 aula patronaxe
1	tablet debuxo con boli	tablet debuxo do ordenador nº 5		105	Bo	En uso	Informático	105 aula patronaxe
1	tablet debuxo con boli	tablet debuxo do ordenador nº 6		105	Bo	En uso	Informático	105 aula patronaxe
1	tablet dixitalizador	tablet dixitalizador aula patronaxe		105	Bo	En uso	Informático	105 aula patronaxe
1	Teclado DELL	rt7d60		103	Bo	En uso	Informático	103 taller confección 03
1	Teclado logitech	teclado logitech k120		101	Bo	En uso	Informático	101 taller confección 01
1	Teclado Logitech K120			104	Bo	En uso	Informático	104 taller calzado marroquinaria e sombreiraria
1	Teléfono MITEL	6865i		103	Bo	En uso	Outros equipamentos	103 taller confección 03
1	Televisión	televisión phillips		C001	Regular	En uso	Mobiliario	-301.tcp almacén sección textil
1	Termómetro con sonda dixital TFA	termómetro con sonda digital de gran precisión. mod.ip 65 lt-101. rango tº de -40 a 200ºc	17/09/1999	A07	Bo	En uso	Recursos didácticos	-107 laboratorio físico-químico
1	Termómetro dixital	rango: -20º a 120ºc	05/02/2013	A07	Bo	En	Recursos	-107 laboratorio fisi-

Herter						USO	didácticos	co-químico
1	TPV	tpv terminal punto de venda	12/03/2012	107	Regular		Mobiliario	107 restaurante
3	USB	usd restauración window 10	15/09/2021	13	Bo	En uso	Informático	013 taller pastelería_02
1	Vídeo proyector	vídeo proyector	15/09/2021	13	Bo	En uso	Informático	013 taller pastelería_02

Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE

Areas	Grupos	Ensinanzas FP
A -Liderado	Equipo Direct.	3
	Profesorado	2.9
	Alumnado	-
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3.1
	Profesorado	2.6
	Alumnado	2.6
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3
	Profesorado	2.8
	Alumnado	2.9
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3.8
	Profesorado	3.2
	Alumnado	-
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3.1
	Profesorado	3.8
	Alumnado	3.8
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	2.8
	Profesorado	3.1
	Alumnado	3.1
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2.6
	Profesorado	2.9
	Alumnado	2.7
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	2.9
	Profesorado	2.9
	Alumnado	2.8

Test CDD

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	18	32	56.3%
PROVISIONAL	19	25	76%
INTERINO	8	12	66.7%
SUBSTITUTO	1	7	14.3%

Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
68.6	Integrador/a B1	76.4	Integrador/a (B1)

Distribución do profesorado por niveis	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	3	6.5
A2	20	43.5
B1	17	37
B2	3	6.5
C1	3	6.5
C2	0	0
TOTAL	46	100,00%

Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURA S- EQUIPAMENTO	<ol style="list-style-type: none"> 1. A infraestrutura dixital respalda a ensinanza. 2. Existe un sistema de protección de datos. 3. Existen dispositivos para o uso do alumnado. 4. O alumnado pode traer os seus propios dispositivos. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Insuficientes dispositivos. 2. Mala cobertura da rede. 3. A asistencia técnica é insuficiente. 4. Os espazos físicos non facilitan o ensino. 5. Non existen repositorios en liña. 6. Non hai base de datos de provedores de FCT.
	PERSOAL DOCENTE	<ol style="list-style-type: none"> 1. O ED apoia ao PD nas novas fórmulas de ensino e dálle acceso a TICs. 2. O persoal docente avalía o progreso en materia de ensino-aprendizaxe, debate sobre o uso de TICs e emprégaas con outras organizacións. 3. O persoal docente accede, emprega e crea recursos educativos dixitais. 4. O persoal docente promove a colaboración entre o alumnado. 5. Emprégase TICs na avaliación do alumnado e promóvese a formación neste ámbito. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Falta de tempo para mellorar os métodos de ensino. 2. As ferramentas TICs empregadas non sempre son as corporativas. 3. Non se usa TICs para avaliación a pares. 4. Baixo uso da autoavaliación polo alumnado.
	PERSOAL NON DOCENTE	<ol style="list-style-type: none"> 1. Apoio para o intercambio de experiencias. 2. Busca e creación de recursos dixitais. 3. Empréganse actividades para a inclusión e a colaboración do alumnado. 	
	ALUMNADO	<ol style="list-style-type: none"> 1. Dispositivos dixitais a disposición do 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Non hai repositorios de provedores de

		alumnado. 2. BYD.	FCT en liña
	FAMILIAS	1. Favorecen que alumnado poda traer os seus dispositivos.	
	OFERTA	1. A oferta educativa contempla o ensino a distancia e semipresencial na modalidade DUAL.	
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	1. Estratexia dixital. 2. Colaboración y apoio ED e docentes.	1. As empresas non participan da estratexia dixital. 2. Falta de tempo do profesorado.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	1. Facilita infraestrutura e equipamento para o emprego de TICs.	1. Asistencia técnica insuficiente 2. Fallos na conexión á rede.
	LEXISLACIÓN	1. Existencia dunha lexislación sobre protección de datos e sobre licenzas de uso e dereitos de autor.	1. Complexidade na lexislación sobre as licenzas de uso e os dereitos de autor, así como as de protección de datos.
	OUTRAS ENTIDADES	1. Emprego de TICs na relación con outras organizacións.	1. As empresas non participan da estratexia dixital do centro.

Plan de Acción

1.2. Obxectivos, indicadores e accións

"Área/s de mellora": Pedagogía: apoio e recursos						
OBXECTIVO 1:	Incrementar o uso da aula virtual por parte do profesorado e do alumnado como recurso didáctico (E2-E3-E5OP-D3-C16PO-A4OP)				Acadado	
					Non acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador/a do equipo de dinamización do plan dixital (EDPD)					
INDICADOR DO OBXECTIVO	Creación de contidos na aula virtual (Informes de Moodle)					
Valor de partida	50% do profesorado crea a lo menos un contido na aula virtual					
Valor previsto e data	75% do profesorado crea a lo menos un contido na aula virtual			30/06/23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Crear a estrutura da aula virtual por familias profesionais e ciclos	Coordinador/a do plan dixital	30/09/22			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Crear espazos específicos para o alumnado e para o	Coordinador/a do plan dixital	30/09/22			Realizada	
					Aprazada	

profesorado					Pendente	
AO1.3: Crear un modelo de curso para todo o centro	Coordinador/a do plan dixital	30/09/22			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.4: Elaborar unha guía de funcionamento sobre a funcionalidade da aula virtual e protocolos a seguir	EDPD	30/09/22			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.5: Formar ao claustro nas ferramentas corporativas da Consellería: app de programacións, Agueiro, ..	Coordinador/a de Innovación e Formación do profesorado	20/12/22	Relatores especializados		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.6: Crear repositorios de materiais de interese para o profesorado e para o alumnado	EDPD	30/06/23			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.7: Crear contidos didácticos dixitais para as	EDPD	30/06/23	Empresa externa de audiovisual		Realizada	
					Aprazada	

distintas familias profesionais	Departamentos didácticos					Pendente
--	--------------------------	--	--	--	--	----------

Área/s de mellora: Pedagogía: apoios e recursos

OBXECTIVO 2:	Empregar a aula virtual e as ferramentas corporativas como recursos de xestión e administración do centro (E4-A4OP-D3)			Acadado	
				Non acadado	
Responsable:	Coordinador/a do equipo de dinamización do plan dixital (EDPD)				
INDICADOR DO OBXECTIVO:	Uso da aula virtual (Informes de Moodle e informe individualizado do profesorado)				
Valor de partida:	50% da comunidade educativa usa a aula virtual e as ferramentas corporativas				
Valor previsto e data:	75% da comunidade educativa usa a aula virtual e as ferramentas corporativas			30/06/23	
ACCIÓNS A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO
AO2.1: Crear unha estrutura na aula virtual para a comunicación e xestión das distintas áreas, departamentos e coordinacións do centro	Coordinador/a do plan dixital	30/09/22			Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO2.2: Crear unha estrutura na	Coordinador/a do	30/09/22			Realizada

aula virtual para a coordinación de posibles grupos de traballo e proxectos	plan dixital				Aprazada	
					Pendente	
AO2.3: Crear un recurso na aula virtual para a xestión de reservas de espazos	EDPD	30/09/22			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.4: Crear un espazo para a notificación e xestión de incidencias a través da aula virtual	EDPD	30/09/22			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.5: Elaborar unha guía de funcionamento sobre os recursos da aula virtual e protocolos a seguir	EDPD	30/09/22			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.6: Crear un grupo de traballo de mentoría sobre o emprego de TICs	EDPD	30/09/22			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.7: Formar ao claustro nas ferramentas corporativas da Consellería: Xade, Abalar sobre o emprego de TICs	Coordinador/a de Innovación e Formación do profesorado	20/12/22	Relatores expertos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Infraestrutura e equipamento						
OBXECTIVO 3:	Mellorar as infraestruturas, conexión wifi e equipamentos dixitais (C1-C2-C3-C5-C14OP)				Acadado	
					Non acadado	
Responsable:	Equipo directivo					
INDICADOR DO OBXECTIVO:	Porcentaxe das acción acadadas					
Valor de partida:	0 accións acadadas					
Valor previsto e data:	50% das accións acadadas			30/06/23		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA	ESTADO	
AO3.1: Mapear as infraestruturas dixitais do centro e notificar á UAC os puntos de fallo de conexión	EDPD	30/12/22	Os que estipule a UAC para resolver a incidencia		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Incrementar o número de conexións wifi en certas zonas do centro	Equipo directivo	30/12/22	Os que estipule a UAC para resolver a incidencia		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.3: Dotar unha nova aula informática e a biblioteca de mobiliario polivalente	Equipo directivo	30/06/23	Mesas e cadeiras modulares		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

AO3.4: Dotar de equipamento informático a biblioteca e a nova aula informática (2+24)	Equipo directivo	30/06/23	26 Equipos informáticos Lousa dixital		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.5: Dotar de software específico das familias profesionais os novos dispositivos (licencias Adobe,	Equipo directivo	30/06/23	26 licencias Gerber, paquete Adobe, etc.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.6: Actualización dos equipos informáticos existentes con tarxetas SDD120	Equipo directivo	30/09/22	18 Tarjetas SDD120		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.7: Ampliar o servizo externo de mantemento técnico informático	Equipo directivo	30/09/22	Empresa externa especializada		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.8: Definir protocolo de incidencias relacionadas coa rede e de uso das aulas informáticas	EDPD	30/12/22			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.9: Dotar de dispositivos de apertura informatizada as aulas taller e as zonas de almacenaxe	Equipo directivo	30/06/23	Empresa externa especializada en automatismo Dispositivos y software específico		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Desenvolvemento profesional continuo

OBXECTIVO 4:	Mellorar a competencia dixital docente e os espazos para o uso de tecnoloxía dixital (D2-D4-A5OP-C14OP-E2-E5OP)			Acadado		
				Non acadado		
Responsable:	Coordinador/a do equipo de dinamización do plan dixital (EDPD)					
INDICADO DO OBXECTIVO:	Porcentaxe das accións acadadas					
Valor de partida:	0% das accións acadadas					
Valor previsto e data:	50% das accións acadadas			30/6/23		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN	DA	ESTADO
AO4.1: Formar ao profesorado no relativo a protección de datos e dereitos de uso	Coordinador/a de Innovación e Formación do profesorado	30/09/22	Relatores expertos			Realizada
						Aprazada
						Pendente
AO4.2: Formar ao profesorado no emprego do certificado dixital	Coordinador/a de Innovación e Formación do profesorado	30/09/22	Relatores expertos			Realizada
						Aprazada
						Pendente
AO4.3: Crear un programa de mentoría grupal e individual para a resolución de incidencias dixitais máis habituais.	EDPD	30/12/22				Realizada
						Aprazada
						Pendente

AO4.4: Formar ao profesorado na creación de contidos dixitais	Coordinador/a de Innovación e Formación do profesorado	30/06/23	Relatores expertos	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	
AO4.5: Acondicionar a sala de profesores para a creación de postos de traballo dixitais e espazos de traballo colaborativo	Equipo directivo	30/06/23	<ul style="list-style-type: none"> Mobiliario polivalente (mesas abatibles con rodas, cadeiras lixeiras e apilables) 24 equipos informáticos potentes e con pantallas grandes, que permitan traballar con programas de deseño. <p>Catro dos equipos estarán dotados con cámara e auriculares para permitir reunións ou titorías virtuais de calidade</p> <p>Software específico das familias profesionais en varios dos postos.</p> <ul style="list-style-type: none"> Lousa dixital 	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	

Área/s de mellora: Infraestrutura e equipamento						
OBXECTIVO 5:	Dixitalizar as aulas taller da FP básica				Acadado	
					Non acadado	
Responsable:	Equipo directivo					
INDICADOR DO OBXECTIVO:	Porcentaxe das acción acadadas					
Valor de partida:	0 accións acadadas					
Valor previsto e data:	50% das accións acadadas			30/06/23		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN	DA ESTADO	
A05.1: Acondicionar e dixitalizar as aulas taller de FPB Aloxamentos e lavandaría	Equipo directivo	30/06/23	AULA TALLER DE LAVANDARÍA: Colocación de tomas wifi Posto informático para o profesorado: equipo, mesa e cadeira AULA TALLER ALOXAMENTO: Pantalla Croma Equipo de cámara de vídeo e cámara fotográfica Trípode e gimbal Equipo de iluminación Sistema de gravación de audio Equipo informático para recepción, con pantalla táctil e escáner Equipos informáticos para o profesorado e para o alumnado Lousa dixital Mobiliario polivalente (mesas e cadeiras, armario almacenaxe equipos)		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

A05.2: Acondicionar e dixitalizar a aula taller de FPB Arranxos	Equipo directivo	30/06/23	Mobiliario polivalente (mesas e cadeiras, armario almacenaxe equipos) Tesoiras eléctricas Plotter de corte Máquina de chapas CNC Impresión 3 D Kit de e-textiltes Máquinas de coser Escaner 3 D Equipos informático para o profesorado e para o alumnado Lousa dixital		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

INFRAESTRUTURAS	
	Colocación de switch en aula lavandería e Viveiro de empresas
	Mellora da conectividade da rede wifi en todas as plantas
	Obras de albanelaría e electricidade para acondicionamento dos espazos
EQUIPAMENTO	
2	Armarios para RAC e cableado aulas informática
	Mesas abatibles con rodas
53	Cadeiras lixeiras e apilables
4	Armarios de almacenaxe de equipamento
55	Equipos informáticos aulas, biblioteca
24	equipos informáticos con tarxeta gráfica de calidade e con pantallas grandes para traballar con programas de deseño (sala de profesores (sala de profesores)
4	cámaras web e auriculares con micrófono con calidade para reunións virtuais
	Automatismos de control de acceso para aulas taller e almacéns
18	Tarjetas SDD120
4	Lousas dixital
1	Pantalla táctil
1	Escáner
1	Pantalla croma
1	Equipo de cámara de vídeo e fotografía
2	Tesoiras eléctricas
1	Plotter de corte
1	Máquina de chapas
1	CNC
1	Impresora 3D
1	Kit e-textiles
1	Trípode
1	Gimbal
SERVICIOS	
	Software específico de control de acceso
	Ampliación de servizo de mantemento técnico informático
26	Licencias Gerber

26	Licencias paquete Adobe
	Formación en ferramentas corporativas
	Formación en protección de datos e dereitos de uso
	Creación de contados didácticos dixitais a través dunha empresa externa

2.

Avaliación do plan

En aras de simplificación e coherencia co sistema de calidade da Rede de Centros Integrados de Formación Profesional, o seguimento e avaliación do Plan Dixital realizarase de forma cuatrimestral, coincidindo co realización do procedemento MD62XE02 correspondente á revisión pola dirección dos obxectivos do Plan Anual.

A revisión levarase a cabo polo equipo de dinamización do plan dixital debendo elaborarse unha memoria final na que se recolla os resultados e conclusión das accións e obxectivos acadados ou non, así como as propostas de mellora.

Difusión do plan

O plan dixital darase a coñecer entre a comunidade educativa por diversas vías:

- Presencialmente: a través das reunións do claustro e de áreas e departamentos
- Dixitalmente: estará exposto na aula virtual e na páxina web

Ademais, o equipo de dinamización informará puntualmente ao claustro das accións que se vaian realizando.